

MEMORIA DAS INSTITUCIÓNS GALEGAS NA EMIGRACIÓN AMERICANA. CUBA

Vítor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

Na construción da identidade de Galicia como nación ou pobo diferenciado, como singularidade cultural e histórica, deberíamos dicir, o papel das nosas comunidades emigrantes en América foi fundamental. E cando digo identidade podería concretar máis: nos símbolos e nas institucións que a definen, símbolos e institucións que responden á sensibilidade e á demanda do seu tempo, compartida con outros pobos e comunidades que, a partir do século XIX, inician un proceso de afirmación histórica do que formamos parte. Non se trata de repasar agora ese proceso. Ten que ver coas mudanzas de pensamento político que xorden despois da revolución francesa, a independencia das antigas colonias da Gran Bretaña en América, a constitución dos Estados Unidos e os movementos de emancipación dos dominios da coroa de España naquel continente. Galicia non é insensible a esas reivindicacións, presentadas con maior ou menor radicalismo, mais dirixidas sempre á afirmación da identidade galega no concerto dos contemporáneos, moi especialmente fronte á incompreensión que se sentía diante das políticas do centralismo español.

Dende a Ilustración, no século XVIII, detectamos declaracións deste tipo promovidas dende sectores liberais e, a partir das primeiras décadas do XIX, dende minorías urbanas sensibilizadas nas novas ideas de liberdade e democracia fronte as posicións dominantes do Antigo Réxime. O provincialismo de 1846, o federalismo, o rexionalismo, o nacionalismo despois, avivan un espertar de Galicia logo de séculos de prostración e abandono, tal que recolle a letra de Eduardo Pondal no *Himno Galego*, que se estrea no Centro Galego da Habana o 20 de decembro de 1907. *Esperta do teu sono, fogar de Breogán...*

Espertar cultural e político, andando o tempo tamén espertar lingüístico, na medida en que a lingua empeza a considerarse símbolo da identidade. No marco desta nova sensibilidade, que tiña expresión en Galicia, mais igualmente nas comunidades galegas na emigración, xorde a estratexia da reivindicación dos símbolos nacionais dos galegos, fundamentalmente a bandeira, o escudo e o himno de Galicia. Tamén a lingua como dixen antes, que paseniñamente abandona a súa condición rural e empeza a ser considerada como un factor de identidade que nos dá sentido e presenza diferenciada como pobo. Neste espírito debemos considerar a creación nos primeiros anos do pasado século XX na Academia Galega, que pasa a ser Real Academia Galega a partir de agosto de 1906.

Dicía antes que o papel (e a significación) das comunidades galegas na emigración, nalgúns períodos tamén exilio, foi fundamental, en moitos casos un motor decisivo. A emigración masiva a América, fundamentalmente por razóns económicas, rexistrámola a partir de finais do século XVIII. A chamada

Expedición das Familias, por exemplo, que entre 1776 e 1783, reinando Carlos III en España e seguindo as políticas dos ministros Gálvez e Floridablanca, saen do peirao do Parrote na Coruña para poboar as terras do sur do continente americano, principalmente a Patagonia, cobizada daquela pola coroa de Inglaterra, é unha das primeiras mostras masivas dese movemento migratorio. Ían con promesa de terras, riquezas e privilexios da monarquía, e marchaban fuxindo da pobreza que padecían en Galicia, aferrollada nas rixidas estruturas do Antigo Réxime. Posteriormente incorporáronse tamén asturianos e maragatos. As primeiras noticias que temos de asociacionismo galego son deste período en Madrid e na Arxentina, Hijos de Santiago, no Barrio das Luces da capital porteña.

Os territorios de América demandaban man de obra, non só galega, tamén vascos, italianos, irlandeses, campesiños nórdicos e centroeuropeos, que embarcaban cara ao Novo Mundo na procura de oportunidades que nos seus países non tiñan. No caso dos galegos, Cuba en primeiro lugar, despois Arxentina e Uruguai, xunto con Brasil, foron os grandes países de acollida, repúblicas de nova creación na meirande parte dos casos.

Mais non eran espazos especialmente agradecidos para a masa de emigrantes que arribaban a aquelas terras (sen cualificación a meirande parte deles). A asistencia social non existía. As circunstancias e as condicións de traballo eran moi duras. Os galegos chegan, moitas veces reclamados por familiares ou amigos que emigraran antes, e establécense en cidades ou grandes factorías de explotación agrícola, mais sen deixar de sentírense vencellados aos lugares de orixe, onde deixaran raíces, amigos e familia, lingua, memoria, tradición e cultura. No fondo todos aspiraban a regresar nalgún momento; case sempre vivían soñando coa aldea, e daquela empezan a xurdir numerosísimas agrupacións societarias que levan nome das parroquias ou lugares de procedencia: fillos de Ortigueira, fillos de Lalín, do Val Miñor, da Fonsagrada, Betanzos, Trives, Valdeorras, fillos de Zas, de Tui, de Salceda, de Rairiz de Veiga, residentes de Mos, de Sada, de Oleiros... Moitas destas pequenas sociedades (que nalgún momento non foron tan pequenas) existen aínda hoxe, e teñen actividade.

Que procuraba a nosa xente con esta estratexia? Acollida, protección social, asistencia médica en moitos casos, axuda para atopar traballo, todo o que non daba o Estado nin o país ao que chegaban, e socialización: poder convivir con veciños, procurar amigos que fixeran máis levadeira a distancia, relacións afectivas, chegado o momento mesmo crear familias... Arxentina, Uruguai, Brasil... están inzados de apelidos galegos, e algunhas das grandes figuras das novas patrias (empezando polo primeiro presidente da Arxentina, o presidente Bernardino Ribadavia) son de orixe galega. Era a Galicia ideal ou soñada, da que falaba Castelao no seu exilio de Buenos Aires, pouco antes de morrer. A Galicia que aquí non tiñan.

Emigrantes e exiliados. Emigrantes de orixe económica, xentes humildes que saía sobre todo do rural para procurar novos horizontes do outro lado do mundo, empurrados as máis das veces pola pobreza e a falta de expectativas. E

emigración política. Esta segunda é moi importante para comprender as orixes da cuestión que estamos a tratar.

Na historia de Galicia hai dous grandes momentos de emigración ou exilio político; exilio forzado ou voluntario. Ás veces marchaba xente por propia iniciativa, diante dun ambiente abafante que os castigaba e coutaba todas as posibilidades de afirmación persoal ou de crecemento. Outras veces, como no caso da guerra civil de 1936-39, para librar a vida diante da represión. Logo do fracaso da chamada Revolución do 68 e a Primeira República, houbo unha importante vaga de emigrantes políticos, persoas cualificadas, con alta formación intelectual e profesional, que se desprazaron ás novas repúblicas americanas. Eles foron os principais animadores dos grandes Centros Galegos. O de Montevideo, fundado en 1879, aínda segue activo. Na actualidade é a sociedade galega máis antiga. Polas mesmas datas, en 1871, fundárase a Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia na Habana, que axiña se estendeu a Cienfuegos (1877), Matanzas (1878) e Cárdenas (1879). De 1879 son tamén os primeiros hospitais de asistencia nos centros galegos na emigración. En 1879 fundouse o Centro Galego de Bos Aires, que nunha primeira etapa durou ata 1892, pero que se refundou con novas enerxías en 1907. Durante décadas foi un dos pulmóns máis activos e xenerosos da cultura galega, fundamental tamén para o desenvolvemento da Real Academia Galega.

Mais a finais do século XIX e nos primeiros anos do século XX Cuba, que fora colonia ou provincia española ata 1898, era a principal referencia da Galicia emigrante: cabeceiras xornalísticas tan significativas como *El Eco de Galicia*, fundado en 1878 por Waldo Álvarez Insua na Habana, ou o *Diario de la Marina*, creado en 1845 por Isidoro Araujo de Lima, dúas das grandes referencias do xornalismo da época, dan conta da significación da emigración cualificada na illa. Durante anos o xornalismo en Cuba, Bos Aires e Montevideo foi a grande escola de xornalistas galegos, moitos dos cales exerceron despois na terra, entre outros Ramón Cabanillas ou Antón Vilar Ponte, por citar dous casos sobranceiros. En 1885 edítase na Habana o primeiro xornal escrito enteiramente en lingua galega na illa, *A gaita gallega*. Outras cabeceiras da época eran a *Galicia Moderna* de 1885, *O Antroido* en 1886, a *Revista Galicia* en 1886, *Galicia ilustrada* en 1891, *Aires d'a miña terra* (que dirixía Xosé Novo García e no que colaboraban entre outros Curros Enríquez, Sofía Casanova, Concepción Arenal, Lugrís Freire e Emilia Pardo Bazán) en 1892, *El Regional Gallego* en 1892, *La Voz de Galicia* ese mesmo ano, *La Región* en 1895, *Follas Novas* en 1897, *Galicia* no ano 1900... Todas estas publicacións saían na cidade da Habana, un dos grandes centros da emigración, con importante empresariado que logo se instalaría en Galicia (García Barbón). Nese ambiente traballaba como xornalista Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851- Habana, 1908) e como tipógrafo, bibliotecario e colaborador nos xornais Xosé María Benito Fontenla Leal (Ferrol, 1864-Habana, 1919).

Como se sabe, Curros Enríquez e Fontenla Leal son persoeiros fundamentais para entender as orixes da Academia Galega. Eles foron os grandes promotores da Sociedade Protectora da Academia Galega na Habana, sobre todo

o segundo, auténtico dinamizador de todas as iniciativas que naqueles anos de producen a prol da identidade e os primeiros símbolos de Galicia. Detrás da creación do Himno Galego, por exemplo, tamén está Fontenla Leal. Sabemos da correspondencia que o tipógrafo ferrolán mantivo con autoridades diversas, escritores e persoeiros da cultura galega, dentro e fóra do país, cara á creación dun Himno de Galicia, que inicialmente Fontenla propuxo ao propio Curros, con música de Pascual Veiga, aínda que ao final o músico mindoniense acabou utilizando a letra do poema “Os Pinos” de Eduardo Pondal. O Himno estrouse no Centro Galego da Habana, que poucos anos despois (1913) inauguraría un dos grandes edificios da emigración galega en América, erixido a carón do Capitolio.

E non só o Himno e a Bandeira, izada por primeira vez na súa versión actual en Cuba polas sociedades emigrantes, a mesma que cubriu o cadaleito do poeta Curros Enríquez cando o seu corpo regresou a Galicia; bandeira que sancionou e orientou a Academia como símbolo do Rexurdimento, igual que o actual escudo, que basicamente formulou Manuel Murguía por encomenda do Centro Galego da Habana en 1892 para figurar no estandarte da institución. Non só os grandes símbolos que hoxe recoñecemos como tales, digo. En Cuba estréase en 1892 a *Negra Sombra* de Xoán Montes, con letra de Rosalía de Castro, composición que durante algún tempo se tivo como Himno de Galicia. E dende Cuba chegaron os recursos necesarios para editar *Follas Novas* de Rosalía de Castro e os primeiros tomos da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía, símbolos da Terra tamén. Por certo, que en Cuba, na localidade da Catalina, falece en 1897 Juan Compañel, o editor de *Cantares Gallegos*.

Como dixen, Cuba é o gran motor da construción dos nosos símbolos nacionais, recoñecidos como tales por Lei da Xunta de Galicia promulgada o 28 de xuño de 1984. Xosé Neira Vilas, emigrante na capital cubana durante moitos anos, desenvolveu un importante labor de recuperación e documentación da nosa memoria histórica naquela parte do mundo. A carón do magnífico edificio do Centro Galego están as instalacións do Plantel Educativo Concepción Arenal onde exerceu a súa actividade docente Andrea López Chao, vicepresidenta fundadora da Sociedade Hijas de Galicia e impulsora, entre outras iniciativas, das instalacións hospitalarias e de beneficencia para mulleres, figura que hoxe homenaxeamos. Tamén estas son institucións simbólicas da presenza de Galicia naquelas terras, mesmo referentes de modernidade que en moitos casos chegaron a nós. Neste aspecto, debemos advertir que a emigración non só foi un aliviadoiro para as carencias económicas das nosas xentes, senón tamén un espazo de formación e modernidade para moitas empresas, iniciativas e persoeiros que logo crearon riqueza de regreso na Terra.

Entre esas iniciativas de modernidade que debemos aos nosos emigrantes está a Real Academia Galega. No seu salón de actos figuran os retratos dos primeiros animadores: Manuel Curros Enríquez e Xosé María Benito Fontenla Leal. En 1894 Curros emigra a América, La Habana, na procura de horizontes novos, despois do duro enfrontamento cos poderes conservadores de Galicia,

principalmente coa Igrexa, a conto da publicación de *Aires da miña terra* sobre todo En Cuba dirixe varias publicacións e participa activamente na vida societaria dos galegos, mesmo mantendo polémicas importantes, sempre na da defensa da identidade do país e pola unión dos emigrantes a prol da mesma. Cando Fontenla Leal promove a Sociedade Protectora da Academia Galega pensa dende o primeiro momento en Curros como símbolo patrucio da nova institución, que nacía con obxectivos moi concretos: a defensa da cultura e a lingua, que era o mesmo que dicir a defensa da súa dignidade, e a creación dun dicionario e unha gramática para fixar o idioma culto. Neses obxectivos continuamos, cunha distribución de seccións de traballo que xa estaba nas orixes da institución: historia, literatura e lingua. A Real Academia Galega é a segunda institución destas características máis antiga de todas as linguas do Estado: anterior a Euskalzaindía (Real Academia Vasca) que vén de facer cen anos, e anterior ao Institut d’Estudis Cataláns. Unha institución centenaria (a nosa) que xurdiu do pulo dos nosos emigrantes (a Galicia exterior) e que en moitos momentos mesmo foi financiada por eles, tanto dende La Habana como dende Bos Aires. No arquivo da institución hai unha importante documentación sobre este capítulo da nosa historia a disposición dos investigadores e estudosos.

Xosé María Benito Fontenla Leal, que non por menos coñecido neste proceso é menos importante, entregou a súa vida á memoria histórica de Galicia e mesmo da Academia. Non quero rematar esta breve intervención sen unha mención especial á súa persoa e ao seu traballo. Naceu en Ferrol en 1864; en sendo moi novo emigrou cos seus pais a Cuba e alí desenvolveu toda a súa actividade profesional e intelectual. Traballou como tipógrafo e impresor e foi un bibliófilo entregado sobre todo á memoria do noso país e dos galegos, nun tempo onde era difícil atopar fondos. Chegou reunir máis de 3000 volumes e foi bibliotecario do Centro Galego. Ademais de colaborar en prensa, sempre a prol da causa galega, e participar en numerosas iniciativas societarias e políticas a prol do país e a construción de institucións e proxectos integradores, entre eles a Academia e o Himno Galego, dos que xa falamos, fundou publicacións, como a *Revista de Galicia* en 1886, xunto con Secundino Cora, e participou dende a emigración no movemento agrarista. Foi académico non numerario da RAG, pertenceu á masonería, o gran movemento laico e liberal da época, membro da Gran Loxa Concorda, onde adoptou o nome de “Murguía”, e finou pobre o 5 de decembro de 1919 no hospital Calixto García na Habana, na imposibilidade de ser atendido en *La Benéfica*, o centro asistencial dos galegos, seica por razóns económicas. Os seus restos foron parar á foxa común do cemiterio Colón, que é o cemiterio dos galegos.